Proba de coñecementos sobre a operatividade do vehículo, tales como: lanzamento de auga, enchido da cisterna, vaciado, manexo das bombas, mantemento e doutras cuestións, co fin de valorar a súa aptitude para as funcións do posto de traballo a desenvolver, segundo o temario que se une a estas bases, anexo I.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de 5 puntos. O tempo para realización desta proba serán 30 minutos

A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

A calificación total do 3º exercicio será de 10 puntos como máximo e obterase sumando a obtida no apartado 3.A e a obtida no apartado 3.B. Para superar este exercicio será necesario acadar unha puntuación total mínima de 5 puntos.

4º EXERCICIO: GALEGO: obrigatorio para aquelas persoas que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 2 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

A puntuación total virá determinada pola media das puntuacións obtidas nos exercicios 1º e 2º.

O tribunal elevará proposta de contratación temporal ao órgano competente dos dous candidatos/as que obtivesen máis puntuación. Así mesmo, elaborará unha lista coas puntuacións dos candidatos/as que superaron o procedemento para formar unha lista para posibles baixas ou substitucións.

QUINTO.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA E SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.concellodocorgo.com e na sede electrónica do concello do Corgo concellodocorgo.sedelectronica.gal.

As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no anexo II da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello, na sede electrónica concellodocorgo.sedelectronica.gal ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 38 da Lei 39/15 de 1 de outubro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, (en sucesivas mencións LRJPAC), no seu artigo 38, no prazo de cinco **(5) días hábiles seguintes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.** Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Xunto coa solicitude, os aspirantes manifestarán que reúnen tódolos requisitos da convocatoria e aportarán copia da documentación acreditativa dos méritos ou títulos que alegan, no caso de que proceda a súa valoración ou sexa un documento imprescindible. (por exemplo: carnet de conducir)

Cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o concello poderá solicitar o cotexo das copias aportadas para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, que se publicará no **taboleiro de anuncios do concello e na páxina Web** (www.concellodocorgo.com), e na sede electrónica do concello do Corgo, admitindo ou inadmitindo aos solicitantes, indicando a causa de exclusión neste último caso, e abríndose **un prazo de DOUS (2) días hábiles para a subsanación de defectos**, contados a partires do seguinte ao da súa publicación nos referidos medios, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicárase o nome e apelido, con catro cifras numéricos aleatorios do DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, a contar a partir do seguinte á finalización do prazo anterior, elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como os candidatos que teñan que realizar o exercicio de galego, e nela se sinalará a composición do tribunal cualificador. A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se aprobe e ordene a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Non obstante, o feito de figurar na lista definitiva de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base terceira das presentes bases.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin da presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente legislación, así como para a tramitación dos recursos tanto en vía administrativa como xudicial que se poidan interponer. Tamen se empregan para recabar información doutras Administracións públicas ou en cuestións referentes a empregados públicos (por ex: incompatibilidade).

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte a publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

SEXTA- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1 Composición:

De conformidade con canto se establece polo artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empleado público, o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.
- Secretario: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.
- Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por Decreto do alcalde, e publicarase no taboleiro de anuncios, e na páxina web do concello (WWW.concellodocorgo.com) e na sede electrónica do concello do Corgo concellodocorgo.sedelectronica.gal

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. A colaboración pode consistir na elaboración dos informes médicos e das probas físicas que sirvan para acreditar a aptitude física para o desenvolvemento do posto de traballo.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

6.2 Adopción de acordos:

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Concluídas as probas, elevarase a proposta ao alcalde de candidatos que superen o proceso selectivo para que dicte a correspondente resolución ordenando a formalización do correspondente contrato laboral temporal. En ningún caso a proposta dos candidatos que superen o proceso selectivo poderá exceder do nº de plazas convocadas. Así mesmo, elevarase proposta de bolsa de emprego válida para o ano 2023 e 2024.

O mesmo día de celebración das probas elevarase proposta dos candidatos seleccionados que vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poda proceder a súa revisión, consonte ao establecido nos Art. 106 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os seus acordos só poderán impugnarse de acordo coa Lei citada.

6.3 Data e lugar de constitución do Tribunal

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Na mesma **resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos se sinalará a composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá para valorar os méritos dos aspirantes admitidos.**

6.4.- Abstención e Recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei da 40/2015, de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei

SÉTIMA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DO CANDIDATO/A SELECCIONADO/A

Os candidatos propostos deberán achegar no prazo de 3 días, a contar a partir do día da publicación no tablón de edictos da sede electrónica a seguinte documentación, salvo que xa a presentara anteriormente, xunto a instancia de participación:

- 1) Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do extranxeiro ciudadano dun Estado membro da UE.
- 2) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

- 4) Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

OITAVA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o alcalde resolverá o proceso selectivo e se procederá a formalización do contrato laboral temporal por obra o servizo determinado a tempo completo conforme a lexislación vixente.

NOVENA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexítimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo

dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa

O Corgo, a 24 de maio de 2023.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

ANEXO I

TEMA 1. COMPORTAMENTO DO LUME: O INCENDIO FORESTAL.

- DEFINICIÓN DE INCENDIO FORESTAL.
- FORMAS DE PROPAGACIÓN DA CALOR NO MONTE.
- PARTES DUN INCENDIO.
- FORMA DOS INCENDIOS.
- TIPOS DE LUME.
- FACTORES QUE INFLÚEN NO COMPORTAMENTO DO LUME.

TEMA 2. EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

- ESTADOS DO INCENDIO.
- ORGANIZACIÓN PREVIA Ó COMBATE.
- COMBATE DO INCENDIO.
- TÉCNICAS DE EXTINCIÓN.
- ACCIÓNS TRALO INCENDIO: O RELEVO.

TEMA 3. SEGURIDADE PERSOAL.

- UNIFORME E EQUIPO DE PROTECCIÓN PERSOAL.
- PRECAUCIÓNS XERAIS.
- PRECAUCIÓNS NO USO DE FERRAMENTAS MANUAIS.
- PRECAUCIÓNS NO EMPREGO DE FERRAMENTAS A MOTOR, DE VEHÍCULOS MOTOBOMBA, DE MAQUINARIA PESADA, DE MEDIOS AÉREOS, E NO TRANSPORTE.
- PRECAUCIÓNS NOS CONTRALUMES.
- PRECAUCIÓNS Ó MANEXAR RETARDANTES.

TEMA 4. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

- CONCEPTO, OBXECTIVOS E ESTRUTURA ORGANIZATIVA.
- ÉPOCAS DE PERIGO.
- ORGANISMOS QUE INTERVEÑEN E COORDINACIÓN ENTRE ELES.
- PROCEDEMENTO OPERATIVO.

TEMA 5. REDE DE COMUNICACIÓN POR RADIO.

- CANLES E EQUIPOS EMPREGADOS.
- NORMAS PARA O EMPREGO DA REDE DE TRANSMISIÓNS.

TEMA 6. O XEFE DE CUADRILLA.

- FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES.
- A ORGANIZACIÓN DA CUADRILLA.
- ACTUACIÓN DO XEFE DE CUADRILLA DURANTE A PREVENCIÓN E NA EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

ANEXO II.- Modelo de instancia:

Dna./D....., con DNI o documento de extranxero nº....., con domicilio aos efectos de notificación en....., nº de teléfono.....,

EXPÓN:

Que reúno tódalas condicións esixidas polas bases da convocatoria para participar no proceso selectivo para _____, convocatoria anunciada no BOP nº ..., de data

En virtude do que, solicito ser admitido para participar no proceso de selección da referida convocatoria, presentando a documentación seguinte:

- 1.- Fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta de extranxeiro
- 2.- Fotocopia compulsada do carnet tipo C, e do título CELGA 2 ou curso de iniciación.
3. Certificado de escolaridade ou equivalente

Outra documentación: _____

O Cargo, _____ de _____ de _____

NOTA: Os datos de carácter persoal poderán ser tratados para futuras contratacións, de conformidade coa Lei 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO CORGO

O Corgo, a 24 de maio de 2023.- O Alcalde, Felipe Labrada Reiña.

R. 1706

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

DECRETO DE ALCALDIA nº 2023-0143 do CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL, polo que se aproba definitivamente o expediente de delegación de competencias da Alcaldesa.

Visto o INFORME PRPOPOSTA DE SECRETARIA 2023-0020, de data 31.05.2023.

Examinada a documentación que acompaña ao expediente e de conformidade co establecido nos artigos 9.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e 43 a 45, 114 a 118, 120 e 121 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Delegar en M^a del Carmen Vergara Ramos, segundo tenente de alcaldía en funcións e concelleira de Muller, Xuventude, Redes sociais e Turismo, o exercicio da atribución da Alcaldía regulada no artigo 21.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **pero únicamente no referente ao seguinte:**

- *“Acorda-lo nombramento do persoal”*; neste caso, ordear a contratación dos aspirantes que superaron o proceso selectivo para a estabilización como persoal laboral fixo de seis (6) prazas de peón do grupo de emerxencias supramunicipais (expte. municipal núm. 549/2022) e asinar os respectivos contratos de traballo.

SEGUNDO.- Establecer que os actos ditados pola delegada en exercicio das atribucións que lle foron delegadas deben indicar expresamente esta circunstancia e que se considerarán ditados pola Alcaldía deste Concello.

TERCEIRO.- Comunicar a presente resolución ao delegado.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, así coma no taboleiro de anuncios municipal, físico e dixital.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación, na primeira sesión que este celebre, do contido da delegación.

SEXTO.- Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Logo de aprobar definitivamente o expediente Delegación de Competencias do Alcalde publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de LUGO no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Folgoso do Courel, a 31/05/2023.- A ALCALDESA EN FUNCIÓNS, DOLORES CASTRO OCHOA.

R. 1707

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 3/2023, (segundo de competencia do Pleno), para crédito extraordinario e suplemento de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión extraordinaria, celebrada o día vinte e oito de abril de dous mil vinte e tres, por un importe total de CENTO SETENTA E CINCO MIL EUROS (175.000,00

€), con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible do exercicio anterior na data de aprobación deste expediente, para atender necesidades relativas a obras, servizos e subministros; de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.- Operacións non financeiras				
A. 1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	1.312.481,06	0,00	1.312.481,06
2	Gastos correntes en B. e Servizos	2.100.926,33	+155.629,91	2.256.556,24
3	Gastos financeiros	6.100,00	0,00	6.100,00
4	Transferencias correntes	182.892,83	+2.101,95	184.994,78
5	Fondo de Continxencia	0,00	0,00	0,00
A. 2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	1.201.383,99	+ 17.268,14	1.218.652,13
7	Transferencias de Capital	56.400,00	0,00	56.400,00
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00
Total		4.860.184,21	175.000,00	5.035.184,21

Modifícase o Anexo das Inversións do vixente Orzamento.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 30 de maio de 2023.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1708

O INCIO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 15/02/2023 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles.

Transcorrido o prazo do preceptivo trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, en virtude do establecido nos arts. 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro da ordenanza.

ORDENANZA N.º 1**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES****Artigo 1º.- Concepto**

De conformidade co previsto nos artigos 15.2, 61, 62.4, 72, 74.4 e 77.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, o tipo de grave do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable a este Municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º.- Tipo de gravame

1.O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,55 por cento.

2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens inmobles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,30 por cento.

3. O tipo de gravame dos bens inmobles de características especiais queda fixado no 1,3 por cento.

Artigo 3º. Exencións.

En base a criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécense as exencións seguintes:

1º.- Os inmobles urbanos cuxa cuota líquida sexa inferior a **dous euros**.

2º. Os inmobles rústicos sitos neste municipio e correspondentes a un mesmo suxeito pasivo cando as cotas agrupadas deste imposto sexan inferiores a **dous euros**.

Artigo 4º.- Bonificacións.**4.1 Bonificacións rogadas.****4.1.1 Bonificacións por situación familiar.**

Os suxeitos pasivos que de conformidade coa Lei ostenten a condición de titulares de familia numerosa desfrutarán das bonificacións seguintes:

Familia numerosa categoría xeral:

- Bonificación do 80% na cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza urbana.
- Bonificación do 80% na cota agrupada do Imposto sobre Bens inmobles de natureza rústica.

Familia numerosa de categoría especial

- Bonificación do 90% na cota íntegra do Imposto sobre Bens de natureza urbana.
- Bonificación do 90% na cota agrupada do Imposto sobre Bens de natureza rústica.

A concesión das bonificacións establecidas neste apartado realizarase a solicitude do interesado previa acreditación do recoñecemento pola Consellería competente da Comunidade Autónoma da condición de titular de familia numerosa na categoría que corresponda, nos termos establecidos no art. 4 da Lei 40/2003 de 18 de novembro (B.O.E. núm. 277 de data 19/11/2003).

As bonificacións establecidas neste apartado terán validez mentres se manteña a situación legalmente recoñecida de familia numerosa.

4.1.2 Bonificacións ás explotacións agrarias.

1.- Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total ou exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto de que nun mesmo inmovle existan, ademais das construcións indicadas no paragrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias ou gandeiras, aplicaráselle unha bonificación de 50% da cuota íntegra do imposto.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos.

2. A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude.

3.- Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
 - Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
 - Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coas facendas estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.
 - Xustificante de recoñecemento da explotación, ou licenza ou comunicación da actividade correspondente.
- 4.- O interesado deberá comunicar ao Concello calquera modificación na situación da súa explotación que poda afectar a este imposto.
- 5.- O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

4.1.3 Bonificación ás actividades económicas que xeren emprego.

- 1.- Gozarán dunha bonificación na porcentaxe que se indicará no punto 3, da cota íntegra do imposto, aqueles inmoables urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.
- 2.- Dita bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.
- 3.- As porcentaxes a que se refire o punto 1, son as seguintes:

Porcentaxe	Condición
95%	Pola creación de máis de 20 postos de traballo
75%	Pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
50%	Pola creación de ata 10 postos de traballo

- 4.- A bonificación que se conceda terá aplicación durante tres exercizos orzamentarios.
- 5.- Os postos de traballo creados deberán manterse polo menos durante os exercizos de vixencia da bonificación.
- 6.- A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.
- 7.- Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:
- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
 - Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
 - Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica nin coa Seguridade Social.
 - Licenza ou comunicación da actividade correspondente.
- 8.- Previamente a súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.
- 9.- Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

4.2.- Bonificacións obxectivas.

De conformidade co art. 74.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establécese unha bonificación do **80%** da cota íntegra do imposto a favor dos solares non edificados existentes no Solo de Núcleo Rural.

As bonificacións nas cotas tributarias do Imposto sobre Bens Inmoables serán compatibles con calquera outros beneficios fiscais que poda establecer ou aprobar este Concello.

Art. 5º.-

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Sección 3ª, Subsección 2ª, do Capítulo II do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, concordantes e complementarios do mesmo, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICION FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Incio, 29 de maio de 2023.- O Alcalde, Hector Manuel Corujo González.

R. 1709

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO**

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 15/02/2023 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por recollida de lixo.

Transcorrido o prazo do preceptivo trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, en virtude do establecido nos arts. 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro da ordenanza.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO**Artigo 1º.- Fundamento natureza.**

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 26 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de marzo, este Concello establece a “Taxa polo servizo de recollida domiciliaria de lixo”, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliaria e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.- A tal efecto, considérase lixo domiciliaria e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, cascotes de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertedura esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3.- Non está suxeita á Tasa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non calificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de cascotes de obras.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquélas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 35.5 e 41 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Bonificacións.

Os suxeitos pasivos que con arranxo á Lei ostenten a condición de titulares de familia numerosa disfrutarán das bonificacións seguintes:

.Familia numerosa de categoría xeral:

Bonificación do 80% na cota íntegra da Taxa por recollida de lixo.

. Familia numerosa categoría especial:

Bonificación do 90% na cota íntegra da Taxa por recollida de lixo.

A concesión das bonificacións establecidas neste artigo realizarase a solicitude do interesado previa acreditación do recoñecemento pola Consellería competente da Comunidade Autónoma da condición de titular de familia numerosa na categoría que corresponda.

As bonificacións establecidas neste artigo terán unha duración de cinco anos, sendo aplicables a partir do exercizo tributario seguinte ao da súa concesión.

A bonificación na cota tributaria da Taxa por recollida de lixo será compatible con calquera outro beneficio fiscal que poda establecer ou aprobar neste Concello.

Establécese unha bonificación do 90% nas tarifas desta taxa para os edificios que sen estar en ruina teñan a condición de non habitables ou utilizables.

A estes efectos terán a condición de non habitables ou utilizables os que, sen estar en ruina, presenten un estado de deterioro que non permita unha utilización digna e non contén con subministro de auga ou electricidade.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local. A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTOS	EUROS
UNICA	72,97 €
Por cada vivenda ou local comercial	

2. As cotas sinaladas na Tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a 12 meses.

Artigo 7º.- Devengo

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuir desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuintes suxeitos a Taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que o devengo da Taxa se teña producido con posterioridade a dita data, en cuxo caso a primeira cota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso

Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a Taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentando, ao efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro trimestre.

Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación de interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ao da data na que se teña efectuado a declaración.

O cobro das cotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado da matrícula.

A bonificación establecida no artigo 5.1 deberá ser solicitada polo interesado, quen aportará unha declaración responsable de que a vivenda ou local non dispón de subministro de enerxía eléctrica nin de autoxeración nin de empresa proveedora, nin auga potable, sexa esta servida polo Concello, empresa privada, de carácter veciñal ou de autoabastecemento (pozos ou similares). De rematar a situación de inhabitable deberá comunicarllo ao Concello do Incio.

Artigo 9.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria.

Se realizada unha inspección se comproba a falsidade da declaración responsable feita ao abeiro do artigo 8º.4 ou se comproba que existe abastecemento de auga potable ou electricidade, procederá a facturación íntegra do período no que se beneficiou da bonificación cun máximo de catro anos de acordo coas tarifas íntegras vixentes, e se sancionará ao interesado cun recargo do 50% do importe da liquidación.

DISPOSICION TRANSITORIA

Durante o exercicio de 2023, con efectos de 1 de xaneiro, e mentres se manteña a rebaixa do canon a satisfacer a SOGAMA, a taxa a aplicar polo servizo de recollida de lixo será de 62,02€ anuais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal foi modificada e aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día trinta de xaneiro de dous mil vinte e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2023, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

O Incio, 29 de maio de 2023.- O Alcalde, Hector Manuel Corujo González.

R. 1710

Anuncio

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público na Secretaría deste Concello a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2022, por un prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

O Incio, 29 de maio de 2023.- O Alcalde, Hector Manuel Corujo González.

R. 1711

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE MEIRA

En cumprimento do disposto no artigo 212 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2022, por un prazo de quince (15) días, a contar dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os que teñan a condición de interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen convenientes.

Meira, 31 de maio de 2023.- O Alcalde en funcións, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1712

O PÁRAMO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución de Alcaldía de data 01.06.2023, aprobáronse a convocatoria e as bases para a consitución dunha bolsa de emprego temporal, auxiliares de axuda no fogar.

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Procedemento de selección: segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello do Páramo <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>

O Páramo, a 1 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 1734

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A.

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente número: A/27/23847

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Comunidad de Usuarios de Agua de Louxas

Nombre del río o corriente: Sondeo

Caudal solicitado: 0,33 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 33 del polígono 331 (Louxas)

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada(Lugo)

Destino: Abastecimiento a Louxas

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Sondeo de 146 m. de profundidad e impulsión por bombeo a depósito de regulación de Louxas.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 11 de mayo de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 1532